



AUGA: CADA GOTA, UN TESOURO

Guía para o uso didáctico dos paneis e a exposición en liña

AUGA: CADA GOTA, UN TESOURO


Guía para o uso didáctico dos paneis e a exposición en liña




A exposición “Auga: cada gota, un tesouro” foi deseñada para que o centro educativo poida realizar actividades educativas relacionadas coa auga, o desenvolvemento sustentable e os dereitos da infancia con grupos de distintas idades. Nesta guía atoparás algunhas indicacións para poder sacarlle o máximo proveito a algúns dos recursos didácticos que inclúe. Se tedes dúbidas prácticas sobre o procedemento para solicitar a exposición no teu centro ou sobre a súa montaxe, podes consultar esta páxina:

www.unicef.es/gal/educa/blog/exposicion-auga-ods

RECOMENDACIÓNS XERAIS

- Revisa os contidos da exposición antes de presentarlle aos grupos. Podes atopar as actividades na versión en liña: www.unicef.es/gal/educa/gotas/expo
- Os contidos dos distintos paneis permiten desenvolvementos didácticos a partir de Educación Primaria, en función da idade e grao de madurez do alumnado. Podemos dedicar máis tempo ás historias e imaxes cos máis pequenos e propoñer debates máis amplos cos maiores.
- O desenvolvemento didáctico de cada panel pode levar bastante tempo, polo que se recomenda seleccionar de antemán aqueles nos que queremos deternos con máis profundidade ou realizar a visita en diferentes sesións para poder aboralos todos.
- Os contidos son aptos para que nenos, nenas e adolescentes accedan a eles de maneira independente, pero o máximo aproveitamento educativo obtense ao poñer as actividades en común co grupo baixo a supervisión dun educador.



AUGA: CADA GOTA, UN TESOURO


En todo o mundo, cada gota de auga vale millóns.
Descubre hoxe por que.

AGUA: CADA GOTA, UN TESORO

En todo el mundo, cada gota de agua vale millones.
Descubre hoy por qué.


 O dereito á auga e ao desenvolvemento sustentable: equidade, participación e saúde.
 El derecho al agua y al desarrollo sustentable: equidad, participación y salud.

#GotasUNICEF





PANEL 1 INTRODUCCIÓN

Este panel presenta a exposición e da acceso á páxina principal da súa versión en liña. Algunhas preguntas que poden dinamizar a visita a este panel:

- A auga é un tesouro? Que significa esta frase? Estamos de acordo? Coñecemos cousas que custan máis que a auga? E que teñan máis valor?
- A frase “cada gota de auga vale millóns” é unha hipérbole. Que nos quere dicir?
- Abaixo vemos o logo dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Sabemos que son?



PANEL 2 O DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE: UN RETO DE TODOS

A través deste panel, poderemos afondar un pouco máis nos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. O código QR leva a unha páxina onde están todos resumidos e podemos deternos un tempo en cada un deles:

- Os ODS están relacionados entre si?
- A auga aparece especialmente reflexada no ODS 6, en que outros ODS cres que pode ter importancia?
- Que vemos na foto do panel? Que lles pasa a estes nenos e nenas? Como imaxinas a súa vida diaria?

**Pista: a foto foi tomada nun campo de desprazados de Iemen, mentres se achegaba unha tormenta de area, por iso non se ve a cor do ceo. A auga está moi racionada e só está dispoñible durante unha hora, tres veces ao día.*



PANEL 3

A AUGA: FONTE DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

A auga é fundamental para o logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A través do QR poderemos saber algo máis sobre as 5 condicións que fan que se cumpra o dereito á auga e falar sobre elas e o grao no que se cumpren na nosa contorna e noutros lugares.

- O título contén unha metáfora: Sabes identificala? Que significa?
- A foto foi tomada en Madagascar, nunha rexión con algúns problemas de acceso á auga e deforestación. Con todo, é moi distinta á anterior. Que diferenzas vemos? Que nos transmite esta foto?



PANEL 4

AUGA SAUDABLE, SUFICIENTE E ACCESIBLE PARA TODOS

O QR deste panel lévanos a algunhas historias reais que poden facernos entender as dificultades que atopan moitas familias do mundo para acceder á auga que consomen cada día. Cada historia inclúe as súas propias preguntas e respostas. Podemos abordar todas elas (pode levar bastante tempo) ou centrarnos naquelas que nos parezan máis interesantes para o grupo co que estamos a traballar.



PANEL 5

SANEAMENTO: UN TEMA DO QUE HAI QUE FALAR

O saneamento é un tema que podemos preferir evitar na aula porque é motivo de bromas e chistes e, ás veces, pode custar manter a orde. Con todo, é un tema crucial do que depende a saúde e a supervivencia de millóns de persoas no mundo. Saber que “tirar da cadea” non é unha opción para moitas persoas pódenos axudar a entender algúns problemas de desenvolvemento aos que se enfrontan moitos lugares do mundo.

O QR lévanos a unha páxina onde hai un test de coñecementos sobre o saneamento, que con humor e unhas preguntas menos evidentes do que parecen, axúdanos a saber máis sobre este reto de desenvolvemento. Máis aló de “acertalas todas” esta actividade permítenos charlar sobre o saneamento, romper mitos e reflexionar sobre o que descubrimos.



PANEL 6

HIXIENE: XESTOS COTIÁNS DE SAÚDE E DIGNIDADE

Nos países desenvolvidos asumimos a hixiene “por defecto” e ás veces confiámonos demasiado. Coñecer as pautas básicas de hixiene é esencial para calquera persoa, por máis elevado que sexa o nivel de desenvolvemento na súa contorna. Hixiene é sinónimo de prevención e certas enfermidades ou perigos poden afectarnos a calquera se non tomamos medidas.

A través do QR chegaremos a unha imaxe que nos mostra unha cociña na que hai varios riscos de saúde e hixiene. Somos capaces de acertalos todos antes de ver as respostas? Cales nos sorprenderon máis? Somos capaces de detectar riscos similares na nosa contorna?



PANEL 7
**CRISE CLIMÁTICA:
 A AUGA EN RISCO**

A actual crise do clima pon en risco os ecosistemas acuáticos en diferentes lugares do mundo e, polo tanto, o noso estilo de vida e a nosa supervivencia. As catástrofes naturais, como secas, inundacións ou ciclóns son exemplos diso. Como sentimos esta situación?

O código QR lévanos a un vídeo no que vemos as opinións sobre a situación do clima de nenos e nenas de todo o mundo. Que nos sorprende? Que teñen en común connosco? Se gravásemos un vídeo, que diríamos?



PANEL 8
**PARTICIPACIÓN: XUNTOS
 TRABALLAMOS MELLOR**

A auga é un recurso compartido. Por iso, se hai un problema, todos debemos formar parte da solución. Especialmente, en cooperación ao desenvolvemento, a participación de todos os membros dunha comunidade é clave para chegar a solucións realmente efectivas e sustentables, como nos conta a historia á que podemos acceder a través do QR: “Diara e o misterio das billas”.



PANEL 9

GOTA A GOTA: TODOS PODEMOS AXUDAR!

Unha cuestión tan complexa e grande como a auga, a hixiene e o saneamento pode facernos sentir pequenos e pouco útiles. Nada máis lonxe! Cada gota conta e os exemplos que se poden ver a través do QR demostraránnolo.



PANEL 10

O PODER DA EDUCACIÓN

Creemos que o sabemos todo sobre a auga? En función dos intereses do teu grupo podesdes explorar que ámbitos do coñecemento ou da actividade do ser humano están relacionados coa auga e en que medida. Desde hai séculos, a auga inflúe onde vivimos, como proxectamos as nosas cidades, a obtención de enerxía, a industria, a linguaxe, a literatura, as artes... Hai mesmo un dereito da auga e unha economía da auga. O reto será descubrir algo que non teña que ver coa auga!

A través do QR accederemos a 10 datos sobre a auga que nos axudarán a dinamizar o debate.

AUGA: CADA GOTA, UN TESOURO

Guía para o uso didáctico dos paneis e a exposición en liña

Máis información

Exposición en liña: www.unicef.es/gal/educa/gotas/expo

Campaña Gotas: www.unicef.es/gal/educa/gotas

Páxina de educación en dereitos de infancia e cidadanía global de UNICEF:
www.unicef.es/gal/educa

Esta exposición forma parte dun programa desenvolvido co apoio financeiro da AECID con cargo ao proxecto "ODS E INFANCIA: Promover el cumplimiento de los ODS desde el ámbito educativo, por y con los niños, niñas y adolescentes - 2019/Pry/0513", o seu contido é responsabilidade exclusiva de UNICEF Comité Español e non reflicte necesariamente a opinión da AECID.